



O PAÍS 'VENDESE' NO ANO SANTO

TURISMO A cita xubilar presentárase o venres vindeiro na feira madrileña, na que se ofrecerá Galicia como epicentro ■ Turgalicia potenciará a oferta de saúde e náutica

O XACOBEO, EN FITUR

OS MUNICIPIOS DA CONTORNA DE SANTIAGO, CON LALÍN Á CABEZA, TAMÉN SE PROMOCIONARÁN

Redacción · Santiago

Consciente do grande escaparate que é a Feira Internacional de Turismo (Fitur), que se celebra en Madrid a partir deste mércores, o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, presentará o Xacobeo 2010 ós principais touroperadores nacionais e internacionais e ós medios de comunicación o venres vindeiro, na caseta de Galicia do evento.

Segundo destacou o Executivo autonómico nun comunicado remitido onte, Núñez Feijóo recalcará a importancia dun evento destas características, no que durante 12 meses Galicia se converterá no escenario en que se desenvolverán algúns dos principais eventos culturais, científicos, sociais e turísticos "máis relevantes de todo o país".

O espazo, que deseñou Turgalicia, ten unha superficie de máis de 1.400 metros cadrados e presentárase "coas estéticas galegas máis vangardistas e tradicionais", explicou o Goberno galego.

Dentro do recinto, ademais, distribuiranse apartados que se refiren ó turismo de Galicia, ás cidades galegas, ós patrimonio da humanidade, ó interior e á costa. Outros produtos que a Consellería de Cultura e Turismo busca potenciar serán o turismo de saúde, a náutica e a oferta galega de establecementos.

Os visitantes poderán contemplar, así mesmo, o martelo que o Arcebispo de Santiago, Julián Barrio, utilizou para derrubar o muro de pedra da Porta Santa, acto que representa o inicio do Ano Santo. A maiores, a Xunta obsequiará cunha réplica do martelo ás súas Maxestades os Reis de España.

Ademais, coñecedores do seu tirón, os municipios da comarca santiaguesa acudirán a próxima semana a Fitur, e un dos primeiros concellos en iniciar a promoción será o de Lalín, que acode por primeira vez a esta feira. O gran protagonista do seu presentación da XLII Feira do Cocido. O acto estará presentado por Liborio García e contará coa presenza do alcalde, Xosé Crespo, así como dalgúns dos porquiños do Lalín Pork Art. ●



Un peregrino segue a Ruta Xacobeana na montaña luguesa durante a intensa nevarada deste ano

COMPOSTELA ■ Durmir na cidade do Apóstolo é 11 euros máis barato que no xaneiro pasado ■ O importe está 16 puntos por baixo da media

O comezo do 2010 non frea a caída dos prezos dos hotéis

Os prezos seguen baixando. Nin sequera o inicio do Xacobeo 2010 logrou frear a imparable caída de tarifas hostaleiras. Durmir en Compostela é agora máis barato que hai un ano, segundo os últimos datos do portal turístico www.trivago.es. Reservar un cuarto dobre nun aloxamento da capital galega custa hoxe de media 68 euros, un 14% menos que en xaneiro de 2009. Salvo o pico de agosto (85 euros), a análise de 2009 por meses non arroxa en ningún caso promedios superiores a 79. Segundo as cifras que manexa a web, Santiago mantense entón entre as cidades máis económicas de España. Só se situaría por detrás de Murcia (62 euros), Logroño (63), Granada, León e Zaragoza (estas tres últimas con 66 de media). No outro extremo, atópanse Palma de Mallorca (110 euros), seguida de Madrid (100), San Sebastián (93) e As Palmas (91).

Fontes do sector achacan a continua baixada de prezos á sobreoferta na hostalería compostelá máis convencional, un factor que contribúe a reducir o custo medio. A pesar das gangas, os establecementos da cidade non pecharon precisamente o seu balance máis optimista, xa que decembro se despedía con só un 22% de ocupación. Non obstante, o sector turístico confía en mellorar os resultados de 2009 grazas á

celebración da cita xubilar. Semana Santa, polo tanto, será unha das primeiras probas para a hostelería da cidade do Apóstolo.

Así as cousas, e tal e como reflicte www.trivago.es no seu informe correspondente a xaneiro, o desembolso por pasar a noite en Santiago sitúase ata 16 puntos por debaixo da media nacional (81 euros).

Unha das máis prohibitivas do Camiño Francés

Por contra, Compostela entraría nos primeiros postos do ránking de cidades máis prohibitivas do Camiño Francés. Tendo en conta os datos deste mes, encabezaría a lista Pamplona (88 euros), seguida de Astorga (74) e a capital galega (68). As opcións máis económicas encontraríanse, por esta orde, en Ponnerrada (57 euros), Logroño (63), Burgos (65) e, por último, León (66 euros). ● E. OTERO

O DATO

España, destino económico

España, tal e como reflicte o informe de Trivago, atópase entre os países máis económicos do continente. Portugal, con 73 euros de media, segue sendo tamén un reclamo turístico económico.

Feijóo estará mañá en Exceltur

O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, tamén estará presente no V Foro de liderado turístico de Exceltur mañá martes, no Palacio de Congresos de Madrid, onde participará nun coloquio cos presidentes de Baleares e Canarias, Francesc Antich e Paulino Rivero. Xa hai un total de 2.200 inscritos no acto. Durante esta xornada, o xefe do Executivo galego expondrá "a súa visión e experiencia sobre o turismo actual e disertará sobre como promover novos modelos de crecemento de maior valor engadido", explicou a Xunta.

Maxia e lecer na Ruta Xacobeana

En Fitur, Terras de Ulla e Tambré, un destino que aglutina os concellos de Arzúa, Boimorto, Boqueixón, Melide, O Pino, Santiso, Sobrado dos Monxes, Toques, Touro, Vedra e Villasantar, presentará os seus paquetes turísticos Maxia e Lecer no Camiño. Pola súa banda, A Estrada e a comarca de Costa da Morte tamén estarán presentes no gran certame. Desde terras estradenses chega a estrea da completa guía turística da que o Concello acaba de editar 5.000 exemplares.

Pulo ós deportes marítimos

A secretaria xeral para o Turismo, Carmen Pardo, e o presidente de Portos de Galicia, José Manuel Álvarez-Campana, selaron onte xunto a representantes da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, a Asociación de clubs Náuticos de Galicia (Asnauga) e a Secretaría Xeral para o Deporte, a creación dunha comisión mixta que realizará "un diagnóstico" do turismo náutico galego, despois "de máis de dez anos" sen a elaboración dun plan, polas grandes oportunidades do sector.